

Dallares

Revista do CPI Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano XI - Nº 11

Maio, 2011



Pallares

Revista do CPI Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano XI - N° 11

SAÚDO

Ola a todos,

Un ano máis volvemos vernos a través da nosa publicación escolar *Pallares*. Nas súas páxinas poderedes ter unha visión máis completa do que é a vida no noso centro.

Este ano continuamos traballando nos diversos proxectos e plans que tiñamos en marcha desde hai varios anos: de biblioteca, club de lectura, seccións bilingües... Seguimos traballando no Plan de autoavaliación e mellora iniciado o ano pasado. E, como non, iniciamos proxectos novos que nos motiven e poñan as pilas no noso traballo diario como a inclusión no Portfolio e no proxecto Abalar.

Como podedes ver o noso centro vaise actualizando e ao tempo que se busca aproveitar os beneficios das novas tecnoloxías que para o noso alumnado cada vez son menos novas e máis cotiás.

Por último, queremos recordaros que neste curso acabamos de obter un segundo premio nacional de bibliotecas escolares polo traballo desenvolvido na mesma ao longo destes últimos cursos. Como xa saberedes este premio foi recollido pola encargada da biblioteca e outros representantes do centro recentemente en Madrid.

Como cada ano confiamos que vos guste a publicación que tedes nas mans e que só pretende reflectir o traballo diario no CPI Tino Grandío.

CONSELLO DE REDACCIÓN

Arias Castro, Ana María
Dorado Fernández, Pascuala
García Crecente, M^a Teresa

COLABORAN

Alumnado do CPI Tino Grandío
e de 5º e 6º do CEIP de
Lousada

Profesorado do CPI Tino
Grandío e do CEIP de Lousada

Concello de Guntín

Secretaría Xeral de Política
Lingüística da Xunta de Galicia

COORDINACIÓN

Arias Castro, Ana
García crecente, Teresa

ÍNDICE

- 01- Aprendemos a facer queixo
- 03- Un mundo mellor
- 04- Rimas
- 05- Ás veces cóntannos...
- 10- Carta á árbore
- 12- A Aventura de Paula e Manuel
- 13- A diversidade da moda
- 15- A Terra, un fermoso planeta,
Charles Darwin, Fe e vida
- 17- As Nosas igrexas
- 18- Guntín
- 19- Duelo entre la televisión y el
libro
- 21- Lois Pereiro - Letras Galegas
2011
- 22- Por que unha sección bilin-
güe?
- 24- Os recursos minerais
- 26- Ciencia pode ser divertida
- 29- María Reimóndez
- 33- Reflexionando sobre as redes
sociais...
- 34- Que facemos en informática o
alumnado de 4º ESO?
- 36- Trucos Matemáticos
- 37- Pasatempos
- 38- Efectos da radiación na saúde,
no ambiente e no ADN
- 40- Vai de paxaros...
- 43- Namórate da Lectura!!!
- 45- A Nosa Biblioteca
- 46- Club de lectura Guntín
- 48- Pantone

Em infantil aprendemos
a fazer queixo



Alumnado de educación infantil

O conto do queixo comenza coa saída.




Visitamos Arqueixal.

*Ensináronnos
o museo,
o gando e a
queixería.*



*Comemos
queixo
e iogur.
Moito
nos gustou!*





Como aquel se acabou, decidimos facer un.



Leite das vacas de Guntín, un pouco de cuallo.



Reutilizamos uns botes de iogur.

E moi remangadiños, a facer queixo!



UN MUNDO MELLOR

Alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria

Queremos un mundo mellor . Desexamos ...

- ... que non existan as armas.
- ... que non haxa guerras.
- ... que non haxa drogas.
- ... que haxa moita paz.
- ... que todos os nenos do mundo teñan xoguetes.
- ... que en Somalia non haxa piratería.
- ... que todo o mundo estea contento.
- ... que todos sexamos amigos.
- ... que todo o mundo sexa feliz.
- ... que haxa máis cariño no mundo.
- ... que todos xoguemos xuntos.
- ... que non haxa pobreza.
- ... que todos teñamos un fogar.
- ... que todo o mundo poida traballar.
- ... que sexamos todos iguais.
- ... que as persoas non teñan que marchar das súas casas.
- ... que non se estrague a natureza.
- ...



Podemos facer algo para conseguilo. Imos...

- ... axudar aos demais para que teñan unha vida máis fácil.
- ... compartir as nosas cousas para que todos sexamos amigos.
- ... colaborar con ONGS para que haxa menos pobreza.
- ... escoitar aos que teñen problemas para que non sufran tanto.
- ... sorrir para que haxa máis alegría.
- ... xogar cos demais para que ningún xogue só.
- ... falar con todos para que non haxa guerras.
- ... ser amables para que haxa máis felicidade.
- ... respectar a todos para que teñan menos problemas.
- ... animar aos tristes para que estean máis contentos.
- ... ser cariñosos para que haxa máis cariño.
- ... ser alegres para contaxiar a alegría.
- ... recoller o lixo e depositado no contedor que corresponda.
- ... non tirar nunca comida para que se pase menos fame.
- ... tratar a todos por igual para que a xente se sinta mellor.
- ... colaborar cos necesitados do noso pobo para que a xente viva mellor.
- ... axudar aos meus compañeiros para que aprendan máis cousas.
- ...



RIMAS

3º e 4º de Ed. Primaria

OS NOSOS NOMES FOMOS COLLENDO, E RIMANDO, RIMANDO SAÍRON ESTES

Para Patricia
moitas horas de ledicia.

Para Silvia
o cariño da familia.

Para Javier
un cómodo somier.

Para Alejandro
un bico e un abrazo.

Para Álvaro
montar en cabalo.

Para Jennifer
problemas que resolver.

Para Alex
un amigo que lle fale.

Para Natalia
unhas vacacións na praia.

Para Noelia
a flor dunha camelia.

Para Joni
un paseo en poni.

Para J. Carlos
un puñado de cardos.

Para Francisco
un puñado de marisco.

Para J. Pajón
Noelia no seu corazón.

Para Xacob
diversión co Pocoyó.



COS TOPÓNIMOS ENREDANDO, ENREDANDO AS SEGUINTEs RIMAS FOMOS CREAMDO

En Liz
a xente é feliz.

En Vilamaior
hai moita xente maior.

En Pacios
temos pitas e gansos.

En Pradedá
medran os prados sen rega.

En Guntín cando xea
todas as fontes se conxelan.

En Guntín botamos purín
e medra o noso xardín.

En Gomelle
damos penso aos animais
para que medren.

En Portomarín
hai un rei
que aínda non vin.

En Vilaxuste
non hai ningúen
que non me guste.

Nas Pereiras
cando quenta o sol
poñemos bufanda,
abrigo e pantalóns.

En Sirvián
cando vou á misa
meu primo conta un chiste
e non paramos coa risa.

En Vilasante
hai un cantante;
ninguén o coñece
pero é importante.

Cando fun ao Picato
fixéronme un retrato,
como non me gustou
metino nun burato.

En Constante
cando vai moita calor
todos os veciños
poñen bañador.

En Merio hai uns cans
moi especiais
e tamén o son
os outros animais.

En Constante
cando chove
aqueilo parece
o mar do Grove.

En Córneas
collín cenorias,
eran tan boas
coma cebolas.

Entre Borreiques
e a Retorta
hai unha igrexa
que moito me importa .

Diante da miña casa
aquí en Guntín
hai cagadas de ovella
e cheiro de purín.

A igrexa de
Entrambasugas
está entre dous ríos,
cando imos á misa
aterecemos de frío

ÁS VECES CÓNTANNOS... OUTRAS CONTAMOS...

Pascuala Dorado Fernández (EDL)

Todas e todos temos algo que contar. É o valor da palabra fundamental para entendernos, aprender e gozar, crear e recrear historias, ler... O uso oral da nosa lingua, como instrumento de comunicación, serviu para achegar ao alumnado á obra e personalidade de figuras representativas da nosa cultura, poñelo en contacto coa realidade circundante, con pais, nais, e persoas do contorno, que nos contaron ou transmitiron experiencias, costumes, contos e outras manifestacións do saber do pobo.

A lingua galega chega aos nenos e nenas a través da palabra, do libro e a lectura...



Recitado - Homenaxe aos nosos escritores



... e profesora.

Hai *profes* que deixan pegada.



Controversia entre as cores



Carapuchiña vermella



Mentres as mulleres lavan



A consulta da doutora



Pirula do vertedeiro





Promoción da lectura a través da maxia, da música, dos contos...





Celebramos a **festa do Entroido**, con regueifas e disfraces, tradición que axuda a construír a nosa identidade. Compartímolos coas persoas da Residencia de maiores de Guntín e pasamos unha xornada animada.





En abril, no **Mes dos Libros**, realizouse a “**Il Feira do Libro**”, coordinada polo alumnado de 4º ESO e a colaboración de toda a comunidade educativa. Fíxose unha xornada de portas abertas.



Libros para ollar, libros para saber, libros para lembrar

Encontro coa **escritora María Reimóndez** e o alumnado da ESO, que serviu para compartir aspectos significativos da súa vida e obra literaria.



En coordinación coa **Asociación de amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares**, a **Banda de música do Concello**, e distintos organismos e departamentos organizamos actividades que serviron para coñecer mellor a nosa realidade.



Charla sobre medicina deportiva



Banda de música

Aprender viaxando, observando... para coñecer a cultura, valorar o noso patrimonio, gozar e demostrar a validez da lingua galega para calquera actividade.



Coñecer Terras de Lugo



Visitamos a piscifactoria - Guntín



Ruta de sendeirismo de Guntín

27/05/2010

CARTA Á ÁRBORE

Noelia Vigo de 1º ESO

Con esta carta Noelia Vigo acadou o 3º premio do certame de literatura epistolar *Imaxina que es unha árbore*, convocado por Correos, en colaboración coa Deputación de Lugo e WWF España, coa fin de fomentar a reflexión entre os escolares sobre a importancia do medio no Año Internacional dos Bosques, e para poñer en valor as reservas da biosfera de Lugo.

Noelia escribiu o seu relato sobre a cerdeira que se atopa no patio do colexio de Lousada.

O premio foille entregado o domingo 3 de abril na aula de natureza de Marcelle. Os premiados, familiares e compañeiros, foron agasallados cunha xornada neste recinto e ao longo da tarde entregáronselles os premios aos gañadores.



Lousada, 7 de febreiro de 2011

Querida humanidade:

Son a cerdeira do CEIP de Lousada. Non sei a miña idade exacta pero teño moitos anos. Cando eu nacín non había o actual colexio, senón que as clases realizábanse no que agora é o ximnasio.

O que máis me gusta de estar no patio dun colexio é que, aínda que as persoas pensades que as árbores non temos sentimentos, si que os temos, e eu divírtome moito vendo xogar a nenos e nenas. Todos estes meniños transmiten unha alegría que te fai sorrir, porque, si, as cerdeiras tamén sorrimos. Tamén me gusta moito cando a xente come os meus froitos. Ás veces fanme cóxegas pero é moi divertido. Certa vez, un profesor do colexio escondeu no meu tronco uns caramelos para que os alumnos os atoparan. Outra vez fixeron unhas casetiñas para paxaros e colgáronas nas miñas ramas.

Á parte dos seres humanos teño moitos amigos. O meu mellor amigo chámase Fermoso e é un paporrubio que aniña nas miñas pólas. Teño uns veciños centenarios: os carballos da preciosa touza de Lousada.

Aínda que case sempre estou alegre ás veces teño medo. Un exemplo disto foi un día que houbo unha forte tormenta. Os lóstregos rachaban o ceo, ameazando con queimarme e aqueles fortes tronos facían tremar ata as miñas raíces máis profundas.

Pero cando máis me entristecín foi un día que escoitei falar a uns mestres do quentamento global. Pregunteille a Fermoso que era iso porque el sabe moitas cousas, xa que viaxa moito. El explicoume que se seguían botando gases nocivos á atmosfera a temperatura da terra incrementárase tanto que o xeo dos casquetes polares se derretería e moitas cidades costeiras desaparecerían baixo as augas. Ademais, se a temperatura subía, moitas especies non aguantarían a calor e extinguiríanse.

E, por se fora pouco, Fermoso tamén me explicou a deforestación. Foi daquela cando o corazón se me fixo anacos. Por esta razón escribovos esta carta, para avisarvos que se seguides así moitas árbores desapareceremos. E non sei se sabedes que as plantas somos moi importantes para todos. Somos nós as que renovamos o aire expulsando osíxeno e tamén somos nós as que comezamos a pirámide alimenticia. Os organismos herbívoros aliméntanse das plantas; os carnívoros aliméntanse de herbívoros; e vós, os humanos, alimentádesvos tanto de plantas como de herbívoros e carnívoros. Por iso, se non hai plantas non hai vida.

E se todos poñemos un pouco de axuda, o noso gran de area, poderemos evitar este futuro tan catastrófico pero que non está tan afastado. Non vos gustaría que os vosos descendentes gozaran coas plantas? E tamén dos paxaros porque se non hai árbores, onde aniñarán?

Recordade: preservade a Terra porque é o único planeta que temos e como xa vai moi velliña necesita cuidados.

E saíndo deste tema tan serio invítovos a que veñades verme un día. Presentareivos a Fermoso, aos meus veciños carballos, os nenos e nenas do colexio, os mestres, as cociñeiras...

E volvo repetir: coidade a natureza, cada árbore, cada paxaro, cada rocha, porque todo está en equilibrio. A Terra é de todos, e todos a temos que conservar en perfecto estado.

Moitos bicos e apertas.

A Cerdeira



A AVENTURA DE PAULA E MANUEL

Lucía, Carla, Sheila e Jenny de 5º e 6º Ed. Primaria

Había unha vez dous xemelgos chamados Paula e Manuel que vivían nun pobo do municipio de Guntín. Os dous eran esveltos, tiñan o pelo louro e os ollos azuis. A estes nenos encantáballes o deporte e ler libros de aventura e misterio.

Un día cando ían esperar o bus para ir ao colexio de Guntín pasaban preto dun bosque e oíron un ruído, fóronse acercando, canto máis se aproximaban era máis forte. Pero ... ¡Déronse conta de que estaban perdidos!

Estaban tristes, tiñan moito medo porque pensaban que algún animal salvaxe lles podería facer dano. Suspiraron e colleron valor para non coller medo se algún animal os asustara. Foron andando e déronse conta que o ruído saía detrás dunha casa en ruínas que parecía estar habitada.

E sabedes o que era? Era un señor maior que estaba cortando na leña. Déronse conta que deixaran o almorzo na casa e agora tiñan moita fame. Ían pedirlle axuda ao señor cando un can se tirou enriba de Paula e caeron.

Cando viu que o seu can ladraba, foi a ver o que ocurría e divisou aos nenos, invitounos a pasar a casa que parecía estar en ruínas. Cando entraron quedáronse pasmados ante aquela marabilla, parecía a casa dun rico, sofás de coiro...

Contáronlles o que lles acontecera e o señor deulles de comer e explicoulles que tiña un can moi listo que os levaría á parada do bus. O can levounos á parada do bus pero déronse conta de que xa pasara.

Un rapaz que ía nun tractor preguntoulles se querían que os levase ao colexio e os nenos contestáronlle que si por favor, e o rapaz levounos ao colexio.

A partir daquel día nunca se volveron despistar cando ían cara a parada do autobús, pero sempre que podían visitaban ao señor e ao can para agradecerlles o que fixeran por eles.



A DIVERSIDADE DA MODA

Antía Cabanas, Sandra Núñez, Ángel Fernández, David Rodríguez e Diego Fernández de 5º e 6º de Ed. Primaria

A moda é un estilo de vida, unha forma de expresar o bo gusto. Cada persoa ten un estilo de vestir diferente.

Para cada persoa é bo un estilo, pero non porque sexa o máis estendido ten que ser o mellor

Estas son as nosas conclusións sobre a roupa que se adoita levar en cada estación do ano.



NO INVERNO

Case sempre vai frío; é aconsellable ir por aí abrigados; por exemplo o máis indicado adoitan ser uns pantalóns vaqueiros cun xersei, unha sudadeira ou unha chaqueta de chándal. Unha vestimenta bastante sport, pero non demasiado. Sempre hai que mesturar un pouco. Podemos combinalo con algún foular, unha bufanda, mesmo gorros ou luvas. Sería un estilo moi apropiado para esta época; iso si, intentade vestirvos con cores negras, grises, etc. (só son consellos, non hai por que seguilos)

NO VERÁN

Case todos os días do verán vai calor. É frecuente vestir pantalóns curtos, saias, camisetas de tirantes, palabra de honor ou manga curta. É moi raro ver a alguén de manga longa en pleno verán. No verán imos á praia, á piscina, de vacacións, a lugares tropicais, etc. Para esas viaxes é recomendable,



unque esteamos no verán, levar algunha chaqueta aínda que non sexa moi gorda, só por se vai fresco. No tema dos biquinis ou bañadores, cada un pode ir como queira pero a case todo o mundo lle sentan mellor os biquinis. Con todo, quen se vexa mellor co bañador, tampouco pasa nada. Lévanse moito os biquinis con temas de raías, puntos e mesmo temas tropicais estampados.



NA PRIMAVERA

Non vai moito frío, pero tampouco podemos vestir coma no verán. Téndese a levar pantalóns piratas con camisetas ou camisas de manga curta, ou mesmo ao empezar o verán, camisetas de tirantes. Adóitanse levar tamén chaquetas finiñas ou incluso, para favorecer o estilo, hai xente que lles engade chalecos ou mesmamente garavatas. Nesta estación nacen as flores e verdean os campos; por iso moita xente viste con cores alegres coma o vermello, verde, violeta, branco e todas as cores alegres desta estación.



No outono

A roupa debe ser de entretempo, máis quentiña ca na primavera. As prendas máis comúns son os foulares e hai moita variedade en xeral.

É aconsellable vestir con tons marróns, alaranxados, amarelos, azuis... en realidade pódese levar un pouco de todas as cores. No outono todas quedan bastante ben.

Ben, estes son os nosos consellos ou, máis ca nada, as nosas ideas para ir acorde coas estacións.

Ao vestirse pódense elixir multitude de cores, combinacións e prendas diferentes. Iso chámase a diversidade da moda.

Entre os diferentes tipos de cores que se poden escoller, nunca se deben levar vermello e rosa, sobre todo moi rechamantes. Débense combinar coas cores fluor, por exemplo, combinándoas con outras que non destaquen moito, como o rosa pálido.

Hai algúns estilos de vestir propios como pode ser o gótico (vestir maioritariamente de negro), o hippy (vestir de diferentes cores, con motivos florais e con roupa cómoda e diferente), o elegante, o sport, o casual, o heavy (de negro e pelo longo), o roqueiro (pantalóns desgastados, chaquetas de coiro, cadeas...)...

Cambiando de tema...

Que nos dicides sobre as cores que combinan ben ou mal?
Este é o noso esquema de cores, mirádeo ben.

Non combinan

Vermello	Rosa
Negro	Marrón
Violeta	Vermello
Azul	Amarelo
Lila	Laranxa


Si combinan



Esperamos que vos gustara.

A TERRA, UN FERMOZO PLANETA

Alumnado de relixión de 1º ESO



A terra non entende de fronteiras nin de propiedades, dá e non espera nada a cambio. Entréganos as súas riquezas ata que as esgotamos...


Déixase foradar, transformar, pisar... e na primavera renova a súa face para demostrarnos que aínda segue viva. A terra é un fermoso exemplo para a humanidade. Porén, as persoas non aprendemos do seu exemplo, e lonxe de compartir os seus bens, trazamos fronteiras que en vez de unirnos, sepáranos.

Tamén existen outras barreiras aínda que non aparezan nos atlas. Son as barreiras do mundo do benestar e da miseria.

É tan difícil compartir? Somos tan insensibles? Ten sentido chamar os outros extranxeiros, se toda a Terra é a nosa casa común?

CHARLES DARWIN, TEÓLOGO, CRISTIÁN E CIENTÍFICO DARWIN E A TEOLOXÍA

Alumnado de relixión de 2º ESO



Pouco antes finar, Charles Darwin escribiu a súa biografía, sen ter intención de publicala, mais os seus fillos encargáronse de divulgala.

Estes son algúns dos seus pensamentos:

“Intentei compoñer o relato de min mesmo, como se finara e estivera mirando a miña existencia dende outro mundo.”

“Pedín encarecidamente a Deus que me axudara, e lémbrome ben de que atribuíñ os meus éxitos ás miñas oracións.”

“Agradábame a idea de ser cura rural.”

“Sempre tiña nas miñas mans un libro que lía con interese.”

“Non dubidei nunca das verdades da Biblia...”

“Traballei tanto como podía e o mellor posibel.”

FE E VIDA

Sofía, Adrián, Lucas, Silvia e Laura de 4º de ESO

A fe é unha opción de vida, libre e voluntaria. É unha dimensión humanizadora e plenificante no crecemento persoal das persoas. A fe ten que estar unida á vida. É unha adhesión persoal ás crenzas.

Tamén ten unha dimensión cultural e histórica, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico que as sociedades reciben do pasado, está vertebrado por contidos relixiosos. Neste senso o cristianismo deu os seus froitos na arte, nos sistemas de significación moral e na acción social.

A incidencia que o cristianismo tivo e ten nas culturas española e europea, é moi relevante.

A dimensión ético-moral explicita as esixencias morais



que ten a mensaxe cristiá. Así,ofrécese unha determinada maneira de ver a vida, un núcleo referencial de crenzas e ideas e unha proposta dunha escala de valores e principios.

Fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión social e moral das persoas. Deste xeito, faise posibel a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade.

Todo isto como expresión coherente do coñecemento do Deus revelado.

A dimensión transcendente facilita unha proposta do derradeiro senso da vida e é o fundamento duns valores valiosos, para unha convivencia libre, pacífica, xusta e solidaria.



AS NOSAS IGREXAS

Ángel Pérez Rodríguez e Antón Vázquez Arias de 3º de ESO

A igrexa de Santa Cruz da Retorta



A Igrexa de Santa Cruz da Retorta ten un valor único, aínda que non destaque a simple vista. Aínda conserva a nave e a ábsida, ambas rectangulares. Durante a súa historia sufriu reformas, por exemplo para a ampliación do presbiterio, aínda que a causa disto se perdeu un arco románico. Na ábsida ten unha ventana cun arco de medio punto. Tamén ten dúas portas, nunha das cales (a principal) ten un tímpano cunha imaxe de Xesús grabada na pedra. No interior ten numerosas imaxes coma a de San Roque, a dunha virxe ou a de Xesús crucificado.



A igrexa de Santa María de Zolle

A igrexa da parroquia de Zolle non ten o valor artístico da de Santa Cruz da Retorta pois é moito máis recente pero si conta no seu interior con imaxes de santos que teñen o seu valor dada a súa antigüidade. Destaca entre elas a da chamada "*Virxe Pequena*" pois é unha talla románica e hai varias máis, tamén de madeira, que teñen o seu interese.



GUNTÍN

Alumando 2º ESO

O alumnado de 2º de ESO descríbenos aquí en inglés a villa e aldeas que conforman o municipio.

Our village is Guntín.

Guntín is near Lugo but it is a not well known village .

It's constituted by 31 parishes and in these villages live about 3,100 people.

A quite large rives passes through this village. Its name is Ferreira and it is famous among visitors.

Over Ferreira river, there is a remarkable Roman bridge which connects Guntín to one of its parishes.

People in this village celebrate a lot of popular parties to honour the Virgin of Rosario in Ferreira in October; Corpiño in Grolos in June; San Salvador in Guntín in July... These parties last many days and famous orchestras play during many hours at night.



We are from interesting and beautiful parishes such as: Constante, San Cibrao, Vilaxuste, Ferreira, Francos, Pradedada, Entrambasaugas, Grolos...

Guntín has a park, some shops, the town hall, four cafés, a church, two supermarkets, a school, a chemist's, an old people's home, a swimming pool , a bank, a petrol station, two typical restaurants, a

medical centre and others services for all the people who live here to use.

The most famous place for young people is the park; there we meet some evenings and every weekend.

Entrambasaugas: is famous for its pictures in the Romance church. These pictures are religious.



In Ferreira there is a famous, old and interesting monastery built in the 10th century.



Also, around our parishes there are wide forests with varied trees and plants, where you can walk in peace and happiness.

We are charmed by our village. Don't forget to visit it.

DUELO ENTRE LA TELEVISIÓN Y EL LIBRO

Alumnado de 4º de Primaria

Estando en clase de lengua, al leer una lectura, surge la interesante idea de hacer una disputa entre la tele y el libro. Y para que lo veáis todos aquí está lo conseguido.

EL LIBRO Y LA TELE



Le dice la tele al libro:
Los libros sois aburridos,
sosos y pretenciosos.
Las teles somos mejores
no cansamos a los
espectadores.

El libro replica:
No te equivoques, tele,
eres de lo peor,
el libro es instructivo,
yo soy mucho mejor.

La tele responde:
Yo soy entretenida
y tú obsoleto.
No eres como yo,
no tienes al lector contento.

Y el libro se le vuelve:
Yo no como el cerebro,
hago pensar al lector,
activo su fantasía
hasta que se pone el sol.

Javier Pajón

El libro le dice a la tele:
Eres muy coqueta
te crees una princesa,
a todos engañas
cuando te enciende España.
Yo, por eso, lo que digo,
lo escribo.
Y a los niños les encanta
cuando de aventuras se trata

La tele le contesta al libro:
Eres viejo y aburrido
no te compares conmigo;
yo soy moderna
y entretenida.
Y en las casas
estoy encendida,
y tú, en la biblioteca
en una estantería.

José Carlos Lodeiro



Le dice la tele al libro:
Eres aburrido
como un pájaro perdido,
tonto y también
algo rechoncho,
no eres en todo el saber
sino ante mí el perder.

Le dice el libro a la tele
Te has equivocado:
Quién conmigo está
no hace el vago;
de ti no soy aprendiz
sino el enseñante
de toda institutriz.
Yo no soy como tú
que haces perder el tiempo
presentando a personajes
que hieren sentimientos.

Xacob Yáñez

Le dice el libro a la tele:
Tú libro estás obsoleto,
tu carbón es tonto,
y la mía divertida.
Le responde el libro:
Tú estropeas los ojos,
y se los pones malos,
tú vales muy poco
y comes el coco.

Jonathan Díaz



La tele y el libro,
están en discusión,
porque los dos tienen
mala relación.

Le dice el libro a la tele:
Eres una mentirosa
y de ti se aprende poca cosa
Y replica la tele:
Tú eres más aburrido
que una bronca de tu tío
nadie te quiere
porque no entretienes.

Francisco Martínez



LOIS PEREIRO - LETRAS GALEGAS 2011

Victoria González e Alba Rodríguez de 4º ESO

O 17 de maio de 1863 publicouse en Vigo a obra *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, que sinala o inicio da nosa literatura contemporánea. Para conmemorar tan insigne data, a RAG instaurou o 17 de maio como Día das Letras Galegas. Este ano, o autor homenaxeado é o monfortino Lois Pereiro.


LOIS PEREIRO



Naceu en Monforte de Lemos no ano 1958. Con dezasete anos marchou a Madrid para continuar os seus estudos; alí fundou, xunto con Manuel Rivas, Antón Patiño e Xavier Seoane, a revista *Loia*, da que só se publicarían catro números.

Porén, os riscos asumidos na vida madrileña dos oitenta fixeron que Lois Pereiro regresase á Coruña, onde vivirá fundamentalmente do xornalismo.

Tras gañar o Concurso Nacional de Poesía O Facho, todas as súas obras son publicadas en *Poemas. 1981/1991*, no ano 1992. Esta obra está caracterizada por unha tendencia etiquetada como punk, unha actitude certamente existencialista, cun sarcasmo esmagador e corrosivo, un xogo de chiscadelas á autodestrución e á morte, como unha experiencia propia pola enfermidade que o escravizaba. A carón da morte aparecen o amor e a vida, frecuentemente imbricados: "A forza é sempre a mesma en corpo alleo/ e a doenza mortal a que preciso/ para amarte de lonxe."




En 1995 aparece a *Poesía última de amor e enfermidade*, un libro cunha interpretación vitalista que encaixaría coa rixida etiqueta de poeta maldito, ao entender que esta postura fronte á vida nace da súa propia experiencia, que se mergulla na liña que o separa da morte.

lois pereiro

poesía última
de Amor
E Enfermidade
1992-1995

POSITIVAS

Lois Pereiro morre na Coruña, en 1996. Nese ano do seu finamento, o seu irmán Xosé Manuel fai que saia á luz *Poemas para unha Loia*, constituído a partir de composicións da época na que estivera en Madrid e que foran publicadas na revista *Loia* e nun ensaio. Nel expón moitas das súas ideas e conviccións sociais e políticas, ofrecendo unha panorámica que inclúe unha chea de referencias directas a escritores, filósofos ou políticos aos que lles ten aprecio.



Ademais deixou oito capítulos dunha novela inacabada, *Náufragos do paradiso*, publicados gratamente naquela revista que fora dirixida por Manuel Rivas, *Luces de Galiza*.

POR QUE UNHA SECCIÓN BILINGÜE?

Ana María Arias Castro

Van xa oito cursos de seccións bilingües no noso centro, ao principio con unha e agora con tres. Cómpre logo reflexionar sobre esta experiencia e a conveniencia ou non de seguir adiante coa mesma.

Cando no curso 2002-2003 comezamos a andaina da primeira sección bilingüe do noso centro escolar, temos que confesar que non sabiamos moi ben como ía todo, non tiñamos clara a forma de traballo e comezamos con moito ánimo e ilusión e pouca axuda externa ou materiais para axudarnos nas clases.

Nesa época a profesora M^a Teresa Asorey decidiuse a impartir as súas clases totalmente en lingua inglesa. En realidade o marco legislativo permitía que o uso do inglés fose parcial, pero a decisión inicial foi que, salvo outros impedimentos, o uso da lingua inglesa na clase de ciencias sociais de 3^o de ESO sería case total. Desde o departamento de inglés tamén se procurou empregar todas as armas que a lexislación permitía. Por iso se impartiron dúas horas semanais (na actualidade só é unha) de reforzo de lingua inglesa. Dado que daquela era requisito de acceso ao grupo da sección ter unha boa nota de inglés no curso anterior, o grupo do *experimento* era xa de por si bo en lingua inglesa, pero fíxose un esforzo en que reforzasen as súas destrezas orais e comunicativas de forma que estivesen capacitados para participar nas clases de ciencias sociais dunha forma máis activa e sen medo a empregar a lingua inglesa.

No curso seguinte a experiencia de 3^o estendeuse tamén a 4^o de ESO en ciencias sociais e anos despois a 2^o de ESO en música. Dado que a existencia destes programas require un número mínimo de alumnado, a ameaza que vimos tendo nestes últimos anos é a de non chegar a ese mínimo requerido pois podería mesmo provocar a desaparición das seccións.

De todos modos, tanto o profesorado como as familias preguntámonos con frecuencia se

merece a pena que existan estas seccións nos centros educativos. Para o profesorado afectado supón unha preparación adicional de materiais e actividades que non veñen nos libros de texto pero que deben cubrir de forma completa a programación correspondente ao curso. Para o resto do profesorado implica que certas compañeiras deixen de impartir horario doutras materias ao desdobrar estes grupos. Para o alumnado a dificultade radica en traballar unha materia con contidos propios a través dunha lingua que todavía non se domina ademais de carecer dunha ferramenta tan socorrida coma o libro de texto, algo que require unha maior dose de organización do traballo. E, como é lóxico, as familias preguntanse se o esforzo merece a pena; se o que poden aprender a maiores compensa as dificultades que poden atopar.

O feito de que en case todos os países europeos e, dentro de España, nas diferentes comunidades autónomas, as seccións bilingües estean sendo promovidas e apoiadas pode darnos algunha pista sobre que pode ser unha opción interesante. E, con todo, hai outros puntos positivos que podemos ver desde a experiencia destes anos:

- Este alumnado ten unha exposición moi superior á lingua extranxeira da que pode ter o que non estea nas seccións. Isto quere dicir que ten máis contacto, oe falar a máis persoas diferentes en inglés, le textos de diferentes tipos e ten que falar e escribir sobre temas variados.
- Comprenderá na práctica como non só hai que coidar a expresión (oral e escrita). O feito de botarse a falar, aínda que non sempre correctamente, será tamén moi

importante. Nas seccións búscase a comunicación e o alumnado ten que traballar unha serie de recursos e mecanismos que poidan suplir deficiencias que poida ter. Isto é fundamental cando nos queremos desenvolver cunha lingua estranxeira pois non sempre o fai mellor quen máis sabe. De feito máis ca mellorar gramaticalmente melloran en fluidez, tanto oral coma escrita.

- En moitos casos comprobamos que para desenvolverse medianamente tampouco fan falta moitas máis ferramentas lingüísticas das que teñen, razón pola que con frecuencia acaban perdendo parte do medo que poidan ter ás linguas estranxeiras.
- En moitos casos comprobamos que para desenvolverse medianamente tampouco fan falta moitas máis ferramentas lingüísticas das que teñen, razón pola que con frecuencia acaban perdendo parte do medo que poidan ter ás linguas estranxeiras.



- Respecto á outra materia, ciencias sociais (en 3º e 4º ESO) e música (en 2º ESO) os contidos mantéñense sempre aínda que algo menos extensos e facendo máis uso de esquemas, diagramas, etc. para facilitar a súa asimilación. Basicamente este alumnado traballa os mesmos contidos ca o resto pero empregando unha metodoloxía parcialmente distinta, máis activa e gráfica.

- Dada a falta que moitas veces hai de recursos en inglés sobre as materias das seccións, o uso das novas tecnoloxías ou TIC na aula é superior, algo que resulta bastante estimulante pois permite que o alumnado integre esta faceta que é fundamental na vida de calquera adolescente de hoxe en día.
- Ademais son moitos os ex-alumnos e alumnas das primeiras promocións das seccións que cando veñen ao centro recordan o que lles gustou a experiencia polo novidosa e útil que se lles fixo.
- E finalmente hai que recordar que no noso centro contamos a día de hoxe cun axudante lingüístico estadounidense grazas á existencia das seccións pois non é un recurso co que poidan contar todos os centros escolares. Así todo o alumnado tanto de primaria coma de secundaria pode beneficiarse da súa presenza nas clases de conversa aínda que non participe das seccións.



Por todo isto, e sabendo que non hai receitas máxicas nin para aprender inglés nin para aprender outras materias ou saberes, as seccións son unha forma diferente de adquirir unha lingua estranxeira que poden aportar moito se o alumnado está motivado e, como non, disposto a traballar e a aprender.

OS RECURSOS MINERAIS

Alumnado de bioloxía e xeoloxía de 4º ESO

Na actualidade, o ser humano está habituado a gozar dos recursos naturais sen ter noción de cal é a súa orixe. Pensaches alguna vez de que se fai o vidro? de onde sae o sal? como se obtén o mercurio? Todos eles aparecen na natureza en estado puro ou formando parte de minerais de diverso aspecto e características.

Unha das actividades da materia de xeoloxía é estudar estes minerais, as súas características e utilidades.

Os minerais clasifícanse en oito grupos, de máis sinxelos a máis complexos. En primeiro lugar temos aqueles que se presentan en estado puro, tales como o xofre, ouro, prata, cobre, grafito (carbono) ou diamante (carbono). A diferenza entre estes dous últimos radica na forma en que se dipoñen os átomos de carbono na rede cristalina, xa que ambos teñen a mesma composición química pero propiedades radicalmente distintas. En conxunto pode dicirse que todos os citados poden ter usos na industria, medicina ou xoiería.



Xofre e grafito

Na cociña usamos un mineral chamado halita ou sal común que se pode extraer de minas ou a partir da evaporación da auga do mar.

A fluorita. De cores e formas chamativas, serve para obter o fluor da pasta de dentes pero tamén ten usos industriais como por exemplo a obtención do aluminio a partir da bauxita.

Un grupo de gran interese son os sulfuros, xa que deles se obteñen diversos metais, por exemplo: do cinabrio o mercurio, da galena o chumbo, da blenda o cinc, da pirita o xofre, de hematite e magnetita (ou pedra imán) o ferro.



Blenda, galena e pirita



Cinabrio, hematite e magnetita

Os sulfatos, carbonatos e fosfatos son empregados en procesos industriais, construción e fertilizantes. Resultan moi familiares o xeso ou sulfato de calcio e a calcita ou carbonato de calcio que é empregado por exemplo para encalar as terras.



Distintos tipos de xeso



Caolinita e tres variedades de cuarzo



Biotita e moscovita

Por último, o grupo máis numeroso fórmano os silicatos, nos que atopamos as micas, tales como moscovita e biotita, usadas como aillantes térmicos e incluso, xunto cos óxidos de ferro, para fabricar maquillaxes. O cuarzo, con numerosas variedades (amatista, citrino, verde, afumado, rosa, transparente...), é fonte de silicio, necesario na industria electrónica, nos paneis solares, para fabricar vidro e incluso para decoración e xoiería. Tamén é un silicato o talco, necesario en cosmética e medicina e cando tomes o té nunha taza de finísima porcelana, recorda que está feita cun silicato chamado caolinita.

Moitos dos minerais citados aparecen formando parte das rochas, de maneira que ti podes coleccionalas e identificar os seus compoñentes usando guías de minerais e rochas.



A CIENCIA PODE SER DIVERTIDA

Alumnado 3º ESO

Aos alumnos de 3º de ESO a materia de física e química dános un pouco de medo xa que temos que aprender conceptos novos que moitas veces nos resultan moi abstractos.

Para ilustrar algunhas das leccións facemos prácticas que nos chaman moito a atención pola súa vistosidade.


Contámosvos tres delas e os seus fundamentos:

1.- Reacción de neutralización do vinagre (ácido acético) con bicarbonato de sodio.

O bicarbonato de sodio é unha substancia de uso común nos fogares xa que se pode empregar para neutralizar o ácido do estómago cando temos algunhas molestias leves.

O bicarbonato reacciona co ácido clorhídrico do estómago para dar cloruro de sodio (sal común) + CO_2 (dióxido de carbono), que eliminamos como gas, os eructos e auga que se incorpora ao contido do estómago.

A reacción entre o vinagre e o bicarbonato é similar pero a liberación de CO_2 é moi rápida e espectacular tal e como vedes que nos resultou a nós.



Preparación da disolución de bicarbonato e auga.



Adición do vinagre e liberación de CO_2

2.- Liberación de osíxeno da auga osixenada.

As burbullas que aparecen nalgúnhas reaccións químicas poden ser de distintos gases, e na presente práctica vemos como a auga osixenada (H_2O_2) se pode descompoñer en presenza de ioduro de potasio (IK), liberando gran cantidade de O_2 . As propiedades desinfectantes da auga osixenada están baseadas precisamente nesta capacidade para formar burbullas de O_2 xa que hai moitos microorganismos, chamados anaerobios, que non soportan concentracións altas deste gas. Nesta práctica, se se engade un pouco de deterxente líquido o efecto é máis espectacular




Medimos 30 ml de auga osixenada



Botamos o deterxente



Tras engadir o ioduro de potasio observamos a liberación do osíxeno.



A cor débese ao iodo

3.- Reacción entre o nitrato de prata e o ioduro de potasio.

Esta práctica é chamativa debido a que a partir de dúas disolucións transparentes obtemos un precipitado amarelo. Os pasos son os seguintes:



Medimos a mesma cantidade de **ioduro de potasio** e **nitrato de prata**, mesturamos.



Observamos a precipitación dun composto novo de cor amarelo, o **ioduro de prata**, que filtramos.



Estas actividades poden parecer simples xogos pero a industria química baséase en investigar os distintos tipos de reaccións químicas e manexalas para obter substancias útiles, incluíndo medicamentos, fertilizantes ou novos materiais.

MARÍA REIMÓNDEZ, “Unha muller en pé”

Introdución e notas de Eva Teijeiro
Entrevista do 21/05/2011



María Reimóndez naceu en Lugo en 1975; é tradutora e intérprete de profesión, e escribe dende que tiña seis anos, aínda que non empezou a publicar ata o 2002, ano no que sae á luz o seu poemario *Moda Galega*. Pouco despois aparece *O caderno de bitácora*, e no 2006 publícase a súa exitosa novela *O club da calceta*, posteriormente levada ó cine; máis recente é *Pirata* (2009), outra novela, neste caso de ambientación histórica. Outras obras súas inclúense na denominada literatura infantil e xuvenil, como *Usha* (2006), *Lía e as zapatillas de deporte* (2008), ou *O monstro das palabras* (2009). Tamén participou en volumes colectivos, como *O son das buguinas*, *Camiñan descalzas sobre as rochas* (editado por Amnistía Internacional) ou en *Vaakkam Benvidas*.

A súa produción literaria combina con acerto a calidade estilística e os contidos reivindicativos, que vai debullando cunha variedade moi ampla de rexistros.

O seu compromiso solidario cos máis desfavorecidos, materializouse coa fundación da ONG Implicadas no Desenvol-

vemento, que actualmente preside. A reivindicación dos dereitos das mulleres é outra das fronteas abertas desta escritora poliédrica, que tamén é a secretaria da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación.

En maio do ano pasado, María Reimóndez pasou unhas horas con nós, e a rapazada deste centro – tamén parte do profesorado – aproveitou para sometela a un imprevisto interrogatorio, como podedes ver a continuación:

Por que escribes?

Porque me gusta moito ler e decidín participar nese proceso; tiña historias que contar e parecíame divertido ese proceso, porque me permite vivir outras vidas, que doutro xeito non podería coñecer, só coa imaxinación se pode vivilas.

Que che gusta máis escribir en galego ou en castelán?

Eu só escribo en galego.

Por que escribes en galego?

Porque é a lingua que uso para comunicarme con quen está máis preto. En principio, a miña idea ó escribir é comunicarme coa comunidade na que me integro; logo, se ademais logro establecer comunicación con outras persoas ou grupos, mellor, pero non é o meu obxectivo

Cando empezaches a escribir?

Empecei a escribir ós seis anos; a publicar, despois dos vintetrés.

Apoioute a túa familia para ser escritora?

Si, a miña casa esta chea de libros, miña nai é mestra... todo o ambiente era favorable. Eu comecei lendo moito porque miña nai tamén é unha gran lectora.

En que te inspiras para escribir?

En temas que me interesan, que me resultan atractivos; hai unha certa imaxe aínda dos escritores e escritoras como persoas atormentadas mais eu opino o contrario, escribo para divertirme.

A solidariedade está en *O club da calceta e Usha*; a situación do traballo infantil en *Lía e as zapatillas de deporte*; en *O monstro das palabras* abórdase a temática das linguas, en concreto do galego...



Gústache máis escribir poesía ou novela?

Escribo máis novela, así que supoño que me gusta máis. É un pouco curioso que o primeiro libro que me publicaron fora precisamente de poesía, pero tamén me chegou a posibilidade de publicalo de xeito máis ou menos casual: traballando para edicións Positivas -facendo unha tradución-, comenteille ó editor que tiña uns poemas e quixo velos. Paseillos e gustáronlle tanto que insistiu en publicalos.

Teño máis poemarios sen publicar, porque a poesía ten menos demanda e polo tanto, menos interese editorial.

Tamén escribo teatro e non teño nada publicado nese xénero.

Estás escribindo algo agora?

Si, eu sempre estou escribindo, varias cousas á vez.

Canto tempo che leva escribir un libro?

Non sabería calculalo; lévame bastante tempo, porque sempre estou facendo outras cousas e non teño o tempo en exclusiva para escribir, ademais, como xa dixen, escribo varias cousas a un tempo.

Cantos libros escribes ó ano?

Máis ben diría que me leva varios anos escribir un libro; unha media de cinco anos cada un, no caso das novelas para persoas maiores. O proceso de elaboración é extenso, dende que teño a idea ata que o remato; ademais, despois pasa certo tempo ata que está listo para publicalo: hai que seleccionar ilustracións (se leva), revisar as probas de impresión... Pódese dicir que o meu proceso de escritura é moi dilatado.

Se te dedicases só a escribir acabarías moitos máis libros?

Non, porque aínda que tivese outra forma de vida, con moito máis tempo libre, polo meu carácter non sería capaz de sentarme a escribir todo o día vendo a cantidade de cousas que non me gustan que hai no mundo e non facendo nada para cambialas. Aínda que escribir tamén é necesario para que muden as cousas, non podería dedicarme só a iso.

Cal é o teu libro preferido, dos que escribiches?

Todos me gustan, porque os escribín polo interese que tiña por un tema concreto. Sempre escribo para divertirme, por iso todos me gustan, aínda que cada un deles é distinto.

Que libro che custou máis escribir?

Todos son traballosos, pero quizais *Pirata* foi o que máis esforzo me supuxo polas necesidades de documentar a historia. Tamén me levou –e agora ides querer todos ser escritoras e escritores- ata As Bahamas, onde doutro xeito non houbese chegado, para coñecer os lugares onde se desenvolve a acción.

Entón, non inflúe o número de páxinas ou a extensión na cantidade de traballo?

Realmente non. Ten en conta que escribir (idear) o texto dun libro infantil con moitas ilustracións e só unhas poucas liñas escritas é moi difícil. Nun libro de catrocentas páxinas, poden estar cen de máis e non pasa nada, pero si só hai dez frases nunha obra, hai que buscar a maneira exacta de dicilo, hai que condensar moito a expresión

Escribiches algún libro real?

En que sentido? Todos os meus libros son reais.

Supoño que te refires se algún dos meus libros está baseado en feitos reais. Pois o último, porque aínda que é unha ficción e non unha biografía, parte de feitos reais: a existencia de

mulleres piratas no s. XVIII. Disto tiven eu noticia a través dun libro que busquei como referencia mentres facía unha tradución, moi aburrida por certo, e logo, unha vez rematado o traballo, seguí lendo nel e atopei datos sobre estas mulleres.

Escribes relatos autobiográficos?

Normalmente non, é máis interesante escribir sobre outras persoas que sobre unha mesma, pero si é certo que sempre hai elementos dunha mesma no que se escribe, como un pouso. No meu caso as historias autobiográficas son o relato que aparece en *Camiñan descalzas polas rochas*, publicado por Amnistía Internacional, ou o publicado no *Son das buguinas*.

Cantos premios recibiches?

Non os levo por conta.

Que premio recibiches que che gustou máis?

Recentemente, por *Lía e as zapatillas de deportes*, o Frei Martín Sarmiento, que dan os estudantes. De entre tres obras propostas, votan por unha. O mellor premio é que te lean, e esta obra lérona uns mil nenos e nenas. Tedes que pensar que co tempo que leva escribilos, doe que despois estean por aí tirados.

Ás veces, cos libros obtéñense premios diferentes: de *O club da calceta* fíxose unha obra de teatro e despois unha película. Tamén iso é un premio.



Que consello lle darías a unha persoa que quere escribir?

Non son partidaria de dar consellos, porque non me considero quen de facelo, pero en xeral, e por lóxica: que lea moito, para adquirir vocabulario e mecanismos expresivos, e que sexa perseverante. Se non ten libros na casa, hoxe hai moito onde conseguilos: nas bibliotecas, nos clubs de lectura...

Diríalles que envíen o que escriben ós concursos e premios, non porque vaian gañar, que se perde moitas veces, pero para rematar proxectos e ver tamén a opinión doutras persoas. Hai que deixarse ler.

Porque elixiches o teu traballo (tradutora/intérprete)?

Por varias razóns: polo meu interese polas linguas; porque me gustaba a comunicación e parecíame importante mediar entre persoas con diferentes culturas e visións; ademais permítame coñecer moita xente e moi variada: hoxe da ciencia, mañá da agricultura... Estes días, por exemplo, estiven traducindo documentos navais, do ámbito da navegación.

Que libros traduces?

Moi diferentes uns de outros, pero con frecuencia para xente miúda.

De que lingua che resulta máis doado traducir? E de cal se che fai máis difícil?

Máis fácil éme do inglés, porque é coa que teño máis contacto, pero todo require o seu tempo; do alemán cústame algo máis porque é unha lingua que ten menos en común coa nosa; o inglés, aínda que non é romance, aínda ten moitos elementos que poden relacionarse, pero o alemán non.

De que linguas fas traducións?

Normalmente do inglés e do alemán, sobre todo do inglés. Ultimamente estiven traducindo unha obra moi longa dunha autora támil, *Despois da medianoite*.

Cantas linguas sabes?

Unha lingua nunca se sabe de todo, sempre se está aprendendo; pero manéxome ben en galego, castelán, inglés e alemán (este cústame algo máis porque o aprendín máis tarde); deféndome en francés e portugués e entendo o catalán, aínda que non o sei escribir nin falar; comunícome en canarés e tamil, dúas linguas do Sur da India.

Sempre fuches de letras?

Si, gustábanme moito as linguas e as disciplinas relacionadas con elas, pero a verdade é que traducindo tes que ter coñecementos de todo: hai pouco traducín un libro con moitas matemáticas, física e ciencias.

Cando eu era nena, como dicía sempre miña nai, gastaban máis cartos en min en libros que en comida (comía pouco); lía ata os prospectos médicos, calquera cousa que estivese escrita.

Para que serve a Asociación Galega de Profesionais de Tradución e da Interpretación?

Pois, nunha profesión coma a miña, para moitas cousas. As tradutoras somos traballadoras autónomas, non empregadas dun xefe, e cada traballo que facemos é diferente: serve para evitar abusos nos contratos (que non nos paguen, que non respecten os nosos dereitos, por exemplo, é obrigado que figure o nome da tradutora do libro, porque a tradución é propiedade intelectual da tradutora...) e, ó mesmo tempo, permítenos seguir en contacto entre nós e recibir formación. Vou dar unha mala noticia ao alumnado: despois da carreira, o FP, etc... hai que seguir estudando e preparándose sempre.

REFLEXIONANDO SOBRE AS REDES SOCIAIS...

María Guerreiro Muñoz

Sempre da man de internet e das novas tecnoloxías vannos chegando novidades que provocan cambios nas nosas vidas. Ultimamente estamos a escoitar falar das redes sociais, do “facebook”, do “tuenti”, do “myspace”... e con elas chégannos moreas de noticias sobre o seu uso, sobre os seus perigos e tamén sobre as súas vantaxes.



O ser humano é en esencia un ser social, dende neno precisa do grupo para medrar e aprender para logo de maior poder desenvolverse como persoa en sociedade. Dende a psicoloxía social estúdase como o feito de ter unha boa rede de amizades e coñecidos pode ser un predictor positivo á hora de saír dunha situación dificultosa ou mesmo á hora de atopar un traballo. Internet e as súas redes sociais poden brindarnos a oportunidade de manter contacto con xente que non está no noso contorno mais próximo.

A base da creación destas redes sociais en internet está na “teoría dos seis graos de separación”, a cal defende a idea de que calquera de nós estamos a seis persoas de calquera habitante do planeta.

Pero por que resultan tan atractivas estas novas ferramentas de comunicación?

Dan a oportunidade de conectar dunha maneira rápida e eficaz cunha cantidade de xente que sería inimaxinable doutro xeito. Teñen un carácter moi inmediato e que case pode igualar ao dunha conversa en vivo. Abren o mundo da opinión á participación cidadá, podendo expor todo aquilo que pensas sobre centos de cousas e casos que ocorren no mundo, no teu país, no teu concello... Esa sensación de liberdade e de conexión co mundo, aínda que sexa virtual, fai que cada día gañen máis adeptos e que, tamén, cada día máis, empresas, asociacións, centros educativos, aproveiten estes espazos virtuais para abrir os seus proxectos ao universo cibernético.

As redes sociais son pois, neste senso, sinónimo de apertura se ben, non podemos esquecer que o tipo e a calidade da relación que se establece no espazo virtual difire enormemente da relación humana no espazo físico. A primeira, a virtual, carece da espontaneidade e autenticidade na comunicación que nos dá poder estar fronte a outra persoa.

Para un bo uso...

Cando nos facemos usuarios das redes sociais, blogs, twitter, etc. debemos tamén reflexionar sobre as nosas responsabilidades e os perigos que nos pode traer un mal uso destas ferramentas. Debemos ter moi presente a diferenza que hai entre o que comentamos entre amigos nunha conversa e o que escribimos nunha pantalla de ordenador. Cando facemos un comentario na rede a dimensión e importancia do que dicimos medra exponencialmente, chega de súpeto a un gran número de persoas, e chega desprovisto do ton, da énfase, dos xestos que acompañan á linguaxe oral, chega polo tanto descontextualizado. Ademais non podemos perder de vista a importancia de preservar a nosa privacidade e respectar a dos demais. Reflectir toda a nosa vida, sentimentos, actuacións ante tal cantidade de persoas pode que se volva na nosa contra.

Sería conveniente que tivésemos coidado de engadir só á xente que poidamos coñecer fóra do espazo virtual, de non subir fotos que nos poidan comprometer e nunca subir fotos de xente que non nos deu permiso para facelo. Para saber utilizar todas estas novidades que nos trae a informática é preciso non esquecerse do noso entorno e das persoas que nos rodean cada día, ter presente que estas ferramentas deben servírnos para achegarnos ao mundo e non para afastarnos da realidade.

Para falarnos sobre este tema tan interesante, das redes sociais e mais dos riscos de internet en xeral, o pasado venres 8 de abril contamos con dúas charlas, unha para familias e outra para alumnado e profesorado na que Ramón Peña, un experto da Garda Civil, nos estivo comentando que precaucións se debe de ter no relacionado con este mundo. Ademais puidemos expoñerlle todas aquelas dúbidas que temos neste tema e que se prestou a solucinar desde a súa experiencia no campo.

QUE FACEMOS EN INFORMÁTICA O ALUMNADO DE 4º ESO?


Alumnado de 4º ESO

Neste curso na materia de informática o alumnado de 4º de ESO, aparte de pasalo ben, estamos traballando no entorno Ubuntu (Linux) e da web 2.0.





Así, desta maneira as aplicacións son todas legais, gratuítas e libres de virus; e como comprobaredes pódese facer case de todo (relacionado coa informática) empregando estes entornos. Algúns alumnos instalamos nos nosos portátiles e netbooks Ubuntu10.04 ou Ubuntu 10.10 e comprobamos as súas vantaxes e utilidades. E tamén algún inconveniente, aínda que menores cás vantaxes.

Así na clase, por exemplo:

- Traballamos co OpenOffice procesador de textos.
- Coa folla de cálculo do OpenOffice.
- Puxemos en rede os ordenadores da aula.
- Instalamos aplicacións do entorno Ubuntu nos distintos equipos.
- Traballamos coa terminal de Ubuntu.
- Empregamos con distintos fins as seguintes aplicacións da web 2.0:
 1. Google Docs.
 2. Google maps.
 3. Google Calendar.
 4. Isuu.
 5. Slide share.
 6. Blogger.
 7. Pixton
- Fixemos retoques fotográficos e montaxes fotográficas con Gimp.
- Fixemos videocapturas de pantalla con Recordmydesktop (no que cada un fai unha explicación dun tema distinto relacionado coa informática).
- Fixemos edicións con Pitivi.
- Cómic con Pixton.
- Creamos unha web estática en Google.
- Cada un fixo unha presentación en Power Point sobre un obxecto ou aplicación tecnolóxica.
- E máis cousiñas...



- Fixemos un blog no que cada un incluíu:
 1. Ipods.
 2. Fotos.
 3. Vídeos feitos por nós e/ou baixados.
 4. Enquisas.
 5. Mascotas virtuais.
 6. Algúns traballos antes mencionados.
 7. Comics feitos por nós.
 8. Vínculos interesantes, etc.



Os nosos Blogs son os seguintes:

- adrianbgarcia.blogspot.com de **Adrián Balsa García**.
- bernieberroa.blogspot.com de **Bernie Berroa**.
- SOOFISOOFI.blogspot.com de **Sofía Díaz Varela**.
- albagarcia95.blogspot.com de **Alba García Polín**.
- siemprerubiavicki.blogspot.com de **M^a Victoria González García**.
- lukatonie.blogspot.com de **Lucas Lombardía García**.
- laulopezlopez.blogspot.com de **Laura López López**.
- pknareigosa.blogspot.com de **Andrea Reigosa López**.
- albitarodriguezlopez.blogspot.com de **Alba Rodríguez López**.
- silviapitufa.blogspot.com de **Silvia Saavedra Martínez**.
- alejandrovazquezperez.blogspot.com de **Alejandro Vázquez Pérez**.
- luis-luchi.blogspot.com de **Luís Rodríguez Bodenlle**.
- ivanmaquinista.blogspot.com de **Iván Rodríguez Corredoira**.
- Casassport.blogspot.com de **Luis Teijeiro Rodríguez**.

TRUCOS MATEMÁTICOS

Edgar Ares Vázquez & Ángel Pérez Rodríguez de 3º ESO

- Escribe nun papel o número 12345679 (ollo, falta o 8)
- Pídelle a un amigo que che diga unha cifra do 1 ao 9.
- Multiplícaa mentalmente por 9, escribe o resultado baixo o número 12345679 e pídelle ao teu amigo que multiplique as dúas cifras.
- Asombrarase do resultado.




- **Pon sobre a mesa un sobre cerrado, un papel e un lapis.**
- **Pídelle a un amigo que escriba no papel calquera número de tres cifras, por exemplo 528.**
- **Pídelle que escriba este mesmo número coas cifras invertidas, no noso exemplo 825 e que reste o menor do maior, $825-528=297$.**
- **E por último, que sume os díxitos do número obtido, $2+7+9=18$.**
- **Entón abre o sobre e saca un papel que puxeches antes de cerralo coa frase "O número obtido é o 18".**

¿Que como o sabías?

O resultado sempre é 18, unicamente unha precaución, o número inicial non pode ser capicúa, ao facer a resta daría 0 de resultado.

- **Pon outro sobre encima da mesa e pide que escriban esta vez un número de 4 díxitos, por exemplo 2536.**
- **Debaixo dese número que escriba outro cos mesmos díxitos pero en diferente orde, por exemplo 3265.**
- **Que resten o menor do maior, $3265-2536=729$ e que sumen os díxitos do número obtido, $7+2+9=18$.**
- **Se o resultado é un número de dous díxitos que os sumen entre si, $1+8=9$.**
- **Abre o sobre e saca o papel onde escribiches:**
- **"O número obtido é o 9"**

- Pensa no número de veces á semana que che gustaría saír a cear fóra.
 - Multiplícao por 2 e súmalle 5.
 - Multiplícao por 50.
- Dependendo da túa data de cumpreanos:
 - Se xa pasou a túa data de cumpreanos, súmalle 1755
 - Se aínda non pasou, súmalle 1754
- Réstalle o ano do teu nacemento incluíndo as 4 cifras.
- Obtiveches un número de 3 cifras:
 - A primeira é o número de veces que pensaches ao principio.
 - A segunda, é a túa idade!



- **Pensa un número.**
- **Súmalle 5.**
- **Multiplícaa o resultado por 2.**
- **Ao que quede, réstalle 4.**
- **O resultado divídeo entre 2.**
- **Ao que quede réstalle o número que pensaches. O resultado é 3.**

PASATEMPOS

M^a del Rosario Fernández López e alumnado de PDC de 3^o

Aos alumnos de 3^o de PDC, gústanos aprender divertíndonos, polo que xuntos coa profesora de matemáticas propoñémosvos os seguintes pasatempos:

1- SUDOKU

Trátase de escribir unha cifra do 1 ao 9 en cada oco do recadro 9x9, de maneira que en cada rea, columna e recadro de 3x3 só apareza unha vez. Algúns números xa veñen dados en certos ocos, e desa colocación depende a dificultade do pasatempos.


6			5		8			1
					4	3	5	8
		8		7	2			9
	2		8	6			7	
	6	1				4	9	
	7			1	3		6	
7			9	5	1	2		
3	5	4	2					
1			3		7			6

2 - XOGOS


-Move un só escarvadentes para formar unha igualdade.



-Move un só escarvadentes para formar unha igualdade.



-Sitúa os números do 1 o 9 nos cadrados do taboleiro, de forma que todas as liñas de tres números sumen 15.



3 - CADRADO MÁXICO

-Os cadrados máxicos están formados polos números naturais de 1 a 9 intenta completar o seguinte guiándote polo exemplo.

8		
	5	
4		2



4 - PARA PENSAR POÑEMOS AS SEGUINTE Adiviñas

- Colgado na parede estou e moitas veces con xiz vou.
- Canto é a metade de 2 máis 2?
- Cal e o número que se lle quitas a metade vale 0?
- En que se parecen as matemáticas a unha toalla?
- Sen ser árbore, teño follas sen ser monstro, un bo lombo e teño o meu nome en cada tomo.
- Cal e o número que se o pos ao revés vale menos?
- Posto dunha maneira son número par pero paso a nones se a volta me dás?
- Cal é o número ao que se lle quitan a metade vale cero?

EFFECTOS DA RADIACIÓN NA SAÚDE, NO AMBIENTE E NO ADN

Alumnado de 4º ESO

O 11 de marzo de 2011 sobresaltounos unha catástrofe natural en Xapón, un tremor de nove graos de magnitude, dos máis fortes rexistrados ata hoxe, seguido dun maremoto. Xapón está situado no círculo de fogo do Pacífico, caracterizado por bordear este océano e ser un lugar moi activo dende o punto de vista sísmico e volcánico, sendo de esperar que os tremores acaden gran intensidade e frecuencia. Pese a isto, no país existen numerosas centrais nucleares, unha das cales se viu afectada polo maremoto. As súas instalacións están neste momento practicamente derruídas, emitindo á atmosfera e a auga do mar diversas partículas radioactivas..

De forma natural estamos en contacto con pequenas doses de radiación que proceden do Sol, das rochas ou de diversos aparellos electrónicos. Tamén as radiografías e algunhas probas médicas e tratamentos nos aportan cantidades que, en principio, non deben causar enfermidades. En Galicia, onde abundan as rochas graníticas, a cantidade de radiación que aporta o gas radón, asociado a esta rocha, pode chegar a ser perigosa, de maneira que os científicos aconsellan non construír edificacións de granito e, en todo caso, ventilar ben a vivenda para evitar a acumulación deste gas que pode provocar a aparición de mutacións no ADN.

Nun accidente nuclear libéranse iodo, cesio e estroncio radioactivos, entre outras substancias. O iodo pode acumularse no tiroide polo cal o tratamento preventivo máis eficaz sería subministrarlle cantidades

axeitadas deste elemento químico non radioactivo para evitar a absorción da súa forma tóxica, sempre baixo supervisión médica. O estroncio acumúlase nos ósos e pode permanecer neles durante 30 anos. O cesio tende a acumularse nos músculos.

En conxunto pode dicirse que os órganos máis afectados pola radiación son aqueles nos que as células se multiplican activamente como as do sistema inmunitario, óvulos e embrións. Os efectos negativos dependen da cantidade de radiación e do tempo de exposición a ela. Así, doses baixas, durante moito tempo poden causar danos irreparables.

Cando estas partículas se depositan en solos ou auga permanecen durante moito tempo e pasan a vexetais e animais onde se van acumulando de maneira que, por exemplo, o consumo de verduras contaminadas durante certo tempo pode orixinar unha concentración moi elevada nunha persoa ou nun herbívoro.

Para medir a radiación úsanse dúas unidades, o sievert (Sv) e o rem, 100 rem equivalen a 1 Sv.

- De forma natural recibimos uns 0,3 mSv ao mes.
- Unha radiografía aporta 0,1 mSv.
- A partir de 1000mSv aparecen síntomas como náuseas.
- De 2000 a 3000 mSv vómitos e perda de cabelo.
- 10.000 mSv morte en semanas.
- 20.000 mSv morte en horas ou días.


Unha persoa contaminada pode

contaminar a outra se a substancia radiactiva foi inxerida ou se impregna a súa pel ou roupa.

A nivel celular o efecto débese a aparición de mutacións no ADN, co cal é frecuente a aparición de cáncros ou de malforma-

cións no caso de embrións expostos á radiación.

O ADN de células animais e vexetais pódese aillar facilmente, tal e como vedes que fixeron os alumnos de 4º da ESO.



Alumnos de 4º ESO extraen o ADN de células de fresa



As fibras de ADN sepáranse e obsérvanse como unha substancia de cor branco no tubo de ensaio.



VAI DE PAXAROS...

Alumnado de 1º ESO

Poucos grupos de animais resultan tan familiares para o ser humano como as aves. Oímolas cantar, anunciando a primavera, vémolas migrar no outono, construír os seus niños e voar en busca de comida. Tal vez por iso son tan numerosas as referencias a elas, tanto na literatura como nos ditos populares.

É unha sorte vivir en contacto coa Natureza. Podemos aprender e gozar observando. Investigar de que ave se trata pode ser máis ou menos difícil. Non ten por que preocuparnos. Podemos anotar e comparar as nosas observacións con paxaros que xa coñecemos, buscar en guías especializadas para contrastar resultados científicos e ir construíndo o noso saber.

Pero tamén podemos preguntar, escoitar e curiosear. Na literatura e na nosa cultura popular hai infinidade de cantigas, refráns, adiviñas, toponimia, crenzas... que nos axudan a elaborar un coñecemento global a partir de diferentes puntos de vista.

Isto é parte do traballo colectivo que fixemos en 1º ESO. Agradecemoslles aos compañeiros de 3º ESO, Antón, que nos proporcionou materiais e curiosidade por aprender, e a Ángel, que recolleu cantigas, a súa colaboración. Isto é só unha escolma, se che gusta, seguimos a recompilar.

CURIOSIDADES

ANDORIÑA



Mide uns 19 cm. Chega a Galicia a primeiros de abril procedente de África. Posúe unha longa cola gallada. Voa rentes do chan. Constrúe o niño con lama, pallas... nos alpendres e nos beirados dos tellados. Está aberto por riba. Pon de 3 a 6 ovos. Chócaos a femia durante 15 días. Voan aos 20. Marcha en setembro para África.

CARRIZO

Mide uns 9,5 cm. É de cor parda e raías escuras. Ten a cola revirada para riba. O peteiro é fino. Atópase en xardíns, silveiras, fragas. O niño é coma unha bola cun pequeno burato na entrada. É insectívoro e moi beneficioso para a agricultura. Pon de 6 a 8 ovos que choca a femia durante 14 días. Aos 15 voan.



Na literatura... e cultura popular

Os líricos paxaros
Os paxaros, se queredes,
tamén os paxariños,
-merlos, ruiñeiros,
xilgaros e xilgaras,
cecais un oureol:
embrullos de plumas,
de cores e de soños-,
voan de ponla en ponla
e cantan. Cantan
libremente. Non sei
se cantan liberdade.
Non podo aseguralo
Non sei se os paxaros
se teñen plantexado...

Manuel María

"No bicarelo do bico do brelo
canta un paxariño
no mesmiño
bicarelo do bico do brelo".

Uxío Novoneyra



Dábanse bicos as pombas,
voaban as anduriñas
xogaba o vento coas herbas,
pobradas de margaridas
e as lavandeiras cantaban
mentras a fonte corría.

Rosalía de Castro, Follas Novas



"...os corvos son poetas, que parece
que cantan cando berran, porque teñen
unha maxestade especial..."

Inma López Silva, Rosas, corvos e
canciós

Anduriña que pasache
con el as ondas do mar,
anduriña, voa, voa,
ven e dime onde está.

Follas Novas: "Tecín soía a miña tea"
Rosalía de Castro

"Verderol do papo esponxado!
Xilgaro pintureiro de papo roxo!
Carriciño saltarín!
Ferruxento pardal, o do tolo
rechouchío!

Mai romaría na aldea!"
Merlo do loureiro!
Laberça do liño!
Pimpín comediante!
Grilo chiador!
Paspallás da silveira!
Estamos de festa!!

Ramón Cabanillas



Dixolle a formiga ao merlo:
- "Mentres andas:
Chirlo merlo, chirlo merlo,
xunta de comer,
de vrao pó inverno".

Popular

Dixenlle á rula. Pase, miña señora!
É foise polo medio e medio do outono
por entre as bidueiras, sobre o río.
Álvaro Cunqueiro



No monte canta o cuco,
no carballo, a bubela;
os paxariños na xaula,
e o borracho, na taberna.
Popular



Pico, pico, mazarico,
quen che deu tan largo o bico?
- Déumo Dios pos meus traballos,
pa picar o pan nos agros.

Popular

Prognósticos que dan os paxaros:

"Mal anda o paxariño nas mans do neniño." (Perigo)

"Coa chegada do cuco, vén o pan ao suco". "En abril sae (canta) o cuco do cubil" (Símbolo da chegada da primavera)

"Cando a ruliña rular, colle o foliño e vai sementar." (Prognóstico do tempo, relacionado con tarefas agrícolas)

"O primeiro millo é para os paxaros." (Dise cando estás xogando unha partida de cartas e perdes o primeiro xogo. É unha vitoria provisional e pode aplicarse a máis tarefas)

"Cría corvos e sacaranche os ollos." (Ingratidade)



Adiviña, adiviña... cantas son?

Dille o gavián as pombas:

"- Boas tardes cen pombiñas!"

"- Cen pombiñas non as somos... pero,
con estas... outras tantas como estas,
a metade destas e, vostede señor
gavián, as cen pombiñas serán!"



Toponimia

Nomes de aldeas, parroquias, concellos...: Corvelle (Vilalba - Sarria - Pastoriza - O Valadouro ... Lugo; Ourense), Corveiros (Carnota-A Coruña), Carrizo (Santaballa-Vilalba), Páxara (O Saviñao - Lugo), Paxareiras (Mazaricos- A Coruña), Paxariño (Fanoi-Abadín), Pegos (Arbol-Vilalba), Pegas (Rairiz da Veiga-Ourense), Mazaricos (A Coruña).

Montes

Piapaxaro (O Courel-Lugo)

Pena das Corvas (Meira), Pena dos corvos (Momán- Xermade)

NAMÓRATE DA LECTURA!!!!

Equipo da biblioteca

Co gallo do San Valentín, dende o equipo da biblioteca organizamos un concurso de cartas de amor, aquí vos deixamos as cartas gañadoras. Esperamos que vos gusten.

Querido amigo:

Te escribo esta carta porque te echo de menos y me gustaría saber que tal estás y como te van los estudios. También te la escribo porque creo que llegó el momento de que te diga una cosa que llevo demasiado tiempo esperando decirte y, aunque quería que estuvieras aquí, por otra parte prefiero decirte de esta manera: Eres muy importante para mí y siempre lo has sido. A diferencia de los demás, a ti te tengo un cariño especial. Me preocupa por ti a todas horas. Cuando estoy contigo me siento feliz y contenta. Cada vez que pienso en ti, veo esas ojitas castañas en mi mente, esa carita que pones cuando estás contenta, tu presencia sonriente y esa dulzura y ese encanto que tienes.


Ahora tú no estás aquí y cada vez que pienso en eso me entristezco y pienso en todo el tiempo que estoy pensando de estar contigo. Pero bueno no puedo hacer nada al respecto, sólo esperar a que vuelvas.

Te deseo lo mejor.
Un beso muy grande...
De tu amiga.



EL
MEJOR
AMOR

DE LOS NIÑOS



14-2-2011

MI vida:

Estar contigo es precioso, vivir sin ti es imposible. Cuando te miro sonrío y se me pone carne de gallina. Tus ojos son azules como el mar y brillan como luceros. Me gustaría verte día a día y que pensaras que tu corazón siente lo mismo que el mio. Quererlos sería imposible pero amarnos no. El amor que yo siento no se puede expresar.

SIN TI
NO PUEDO
VIVIR

Ca-Fe-Ru

RECIBIDOS



A NOSA BIBLIOTECA

Marta Rodríguez Fernández

Un ano máis, dende a biblioteca, queremos participar na revista do centro. Neste curso temos algo moi importante que contar e do que nos sentimos moi orgullosos.



No mes de maio de 2010 o Ministerio de Educación e Ciencia convocou o Concurso Nacional de Boas Prácticas para a Dinamización e Innovación de Bibliotecas Escolares e o equipo da biblioteca decidiu participar na modalidade de Centros de Infantil e Primaria e presentar unha memoria que recollese o funcionamento da nosa biblioteca e as actuacións e prácticas levadas a cabo nos seguintes ámbitos: a utilización da biblioteca como recurso didáctico e de integración curricular, o uso da biblioteca como fonte de información, a educación documental e a formación de usuarios, o desenvolvemento dun plan de lectura, o uso das tecnoloxías da información e comunicación ao servizo da biblioteca escolar.

O pasado mes de decembro o Ministerio de Educación resolveu este concurso e ao noso centro concédennlle un **2º Premio**, dotado con 10.000 euros, que se destinará á renovación do mobiliario e equipamento da biblioteca.

O Equipo da Biblioteca do CPI Tino Grandío está moi orgulloso por este recoñecemento que quere dedicar especialmente ao noso alumnado e a todos os membros da comunidade educativa que durante anos teñen participado na mellora da biblioteca escolar e fixeron posible que acadásemos este premio.

No traballo presentado faciamos unha breve historia da nosa biblioteca que vai dende que empezou a funcionar o centro, aproximadamente no ano 1981; a partir deste curso foise mellorando paso a paso ata chegar a unha biblioteca que a maiores de estar ben dotada e ser acollidora, é, sobre todo, unha biblioteca moi viva, moi utilizada e ben organizada.

No curso 2002/2003 comezouse a traballar moi especificamente na biblioteca, analizando as necesidades e concretando en que a formación era un pilar básico e necesario. A partir desta análise púxose en marcha un Grupo de Traballo, en colaboración co Centro de Recursos, titulado "Como dinamizar a biblioteca". O material alí recollido e a formación recibida levounos a pensar en que era necesario dar continuidade a este grupo de traballo para poder poñer en marcha de forma eficaz a biblioteca, así pois, durante o curso 2003/2004, un equipo de profesores continuou traballando no Grupo "Como dinamizar a biblioteca II".

No curso 2004/2005 convocouse por primeira vez o "Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares" na nosa Comunidade Autónoma, ao que se suma a nosa presentando un proxecto de traballo. Dende entón participamos no plan durante todos os cursos escolares, levando polo tanto xa seis anos traballando para que a biblioteca funcione como un dos núcleos principais de fomento da lectura e do gusto por aprender. De feito converteuse no eixe vertebrador, se non de todas, da maioría das accións e actividades que se programan e realizan no centro.

No seo da mesma funciona un club de lectura, un punto de información ás familias, os préstamos para todos os membros da comunidade educativa e organízanse actividades e exposicións puntuais con motivo de determinadas celebracións coma o día do libro, o día da Paz, etc.

Para concluír animar a todos a seguir a traballar dende e para a biblioteca que necesita de todos para seguir a estar viva.



CLUB DE LECTURA GUNTÍN

Beatriz Paderne Cebey

Por terceiro curso consecutivo o noso centro puxo en marcha o club de lectura Guntín co obxectivo principal de fomentar o hábito lector. Xa somos 50 membros, distribuídos en tres grupos:

- O grupo I (alumnado de 1º e 2º da ESO).
- O grupo II (alumnado de 3º e 4º da ESO).
- O grupo de adultos.



Este ano, os grupos I e II, comezamos lendo *Mi año* de Jiro Taniguchi e J. D. Morvan e tivemos a inmensa fortuna de que a orientadora do centro dirixise a sesión na que comentamos a devandita lectura xa que o tema principal sobre o que versaba esta aventura gráfica era a síndrome de Down.

En canto ao grupo de adultos estreamos o curso lendo *La princesa de hielo* de Camilla Läckberg, un relato policíaco non ao uso e de lectura lixeira. Moitos de nós animámonos a ler máis novelas da autora, continuación da obra que lemos: *Los gritos del pasado*, *Las hijas del frío* e *Crimen en directo*.

Outras lecturas que fixemos nesta edición do club foron *O pazo baleiro* de Xabier Docampo (grupo I), *Cartas de inverno* de Agustín Fernández Paz (grupo II), *Maus* de Art Spiegelman (grupo de adultos), *The adventures of Huckleberry Finn* de Mark Twain (todos os grupos) e unha selección de contos para os grupos I e II de autores tan diversos como Edgar Allan Poe e Xosé Neira Vilas.



Non só levamos lecturas para casa. Ás veces facemos algunha que outra lectura presencial. Por exemplo, o día 25 de novembro, co gallo do día en contra da violencia de xénero, lemos un relato curto de Paula Carballeira chamado "Paciencia" que nos axudou a introducir un pequeno debate sobre o tema.

Tamén as novas tecnoloxías están presentes no noso club. Ademais do noso blog, empregamos tamén medios audiovisuais como acompañamento de algunha lectura. En marzo tivemos a oportunidade de lembrar (ou coñecer na maioría dos casos) un programa de radio chamado *Historias de RNE* no que se narraban integramente diversos relatos, case todos eles de misterio e de terror. escoitamos *El retrato oval* de Edgar Allan Poe.



Outra das actividades que promociona o club son diversos concursos en colaboración directa coa biblioteca e o equipo de normalización lingüística como *O meu primeiro libro* no que moitos de nós rememoramos as nosas primeiras lecturas.

E, como non, estamos esperando con ilusión a excursión de maio. Este ano iremos a Ourense, unha cidade moi literaria. Iso si, todavía nos quedan actividades por facer, que o curso non rematou. Así que seguiremos véndonos, membros do club!

CLUB DE LECTURA GUNTÍN

FERRAMENTA DE DIFUSIÓN DO CLUB DE LECTURA DO CRISTINO GRANDÍO, DE GUNTÍN

20/02/11

Comentario de "O pazo baleiro"

O xoves 10 de febreiro reunímonos o grupo I para comentar a lectura de "O pazo baleiro" de Xabier Docampo.

Gustounos moito como Xabier Docampo relata as aventuras dun grupo de rapaces, encabezado por Nicolás, un rapaz atípico que decide que hai outras formas de aprender diferentes da vía escolar. Nicolás e os seus amigos venñense envoltos na investigación dun misterio que xira arredor dun antigo pazo da súa vila. Cada un aportará o mellor de si mesmo para poder resolver esta intriga.

PUBLICADO POR LECTORES TINO GRANDÍO EN 15:19 1 COMENTARIOS

Próximas lecturas

As próximas "misteriosas" lecturas que comentaremos no noso club de lectura serán:

CURSO 2010-2011

O enderezo do blog do club de lectura é:

<http://clublecturaguntin.blogspot.com/>

PANTONE

Ángel Pérez Rodríguez de 3º ESO

Neste artigo fálasenos do sistema de cores desenvolvido pola empresa Pantone e que supuxo unha revolución na fabricación de cores.

Pantone é unha empresa con sé en New Jersey (Estados Unidos de América), creador do Pantone Matching System, un sistema de identificación, comparación e comunicación da cor para as artes gráficas. Pantone é o sistema máis coñecido para especificar cores dunha maneira moi precisa.

O sistema de axuste de cores desenvolvido e comercializado en todo o mundo por Pantone serve como modelo para moitos tons especiais. O punto de partida son as 13 cores básicas Pantone máis un negro e un branco transparente. Coas súas 1114 cores compostas sobre papel estucado e non estucado, o sistema foise convertendo nunha ferramenta indispensable para os

fabricantes e distribuidores de artigos de marca, para a identidade corporativa, etc.

A partir de 13 cores básicas (Basic Colors) elabóranse arredor de 160 formulacións compostas (tonos intermedios na guía Pantone) que se representan con tonos cheos. Cada unha destas formulacións aclárase con tres cantidades diferentes de branco transparente (de abaixo arriba no mazo de fichas) ou se escurece con negro (de arriba abaixo no mazo de fichas).

Estas cores compostas imprímense en relevo cunha máquina especial e represéntanse sobre dous materiais distintos.





Natalia
Ares
Diaz



Adrián
Balsa
García



Bernie
Berroa
Almanzar



Sofía
Díaz
Varela



Alba
García
Polin



Victoria
González
García



Lucas
Lombardia
García



Laura
López



Andrea
Reigosa
López



José Luis
Rodríguez
Bodenlle



Alba
Rodríguez
López



Iván
Rodríguez
Corredoira



Silvia
Saavedra
Martínez



Luis
Teijeiro
Rodríguez



Alejandro
Vázquez
Pérez

Promoción 2011 - ESO

CPI Tino Grandío



Teresa
García



Ana
Arias



Mª Teresa
Asorey



Hortensia
Barcia



Jaime
Bordonaba



Ana
Campo



Silvia
Carballido



Aurelia
Diez



Samuel
Donnelly



Pascuala
Dorado



Louisa
Dubickas



Almudena
Falcón



Marta A.
Fernández



Maria
Guerreiro



Rosario
Fernández



Beatriz
Pademe



Adoración
Peiró



Mª Pilar
Quiroga



Isabel
Rodríguez



Marta
Rodríguez



Pablo
Rodríguez



Celia
Seijas



Eva
Teijeiro



Manuel
Ulloa



Carlos
Vázquez



Amparo
Veiga

HOMENAXE A PURI



Mª Teresa García Crecente

É moi probable que o tempo borre o paso de profesionais do ensino que van deixando a súa pegada nos centros polos que pasan, no alumnado, no profesorado, nas familias e no persoal que tamén contribúe a que o centro funcione. Dende a revista do colexio intentamos dificultar ese esquecemento e contribuír ao rescate de recordos que vale a pena conservar.

Puri é unha desas persoas que lembraremos os que tivemos a sorte de traballar ao seu lado e de seguro que moitos dos seus alumnos/as tampouco a esquecerán. Profesora implicada tanto no labor docente como na vida do centro, nas actividades, e en todo aquilo que contribúe a que un lugar de traballo sexa máis ca iso.

Pero que difícil é falar en nome de toda unha comunidade, por iso levo recollendo información, preguntando opinións sobre ela, e claro, como non podía ser doutro xeito recibo unha chea de piropos que non sei se serei quen de resumir de xeito fiable: moi boa compañeira,

alegre, amable, cariñosa con todos/as, entrañable, servicial, moi traballadora e implicada, dinámica e organizada, entregada persoal e profesionalmente... e un sen fin de palabras fermosas que a calquera lle gustaría escoitar sobre si mesmo. Puri merece este agasallo de verbas fermosas e por iso queremos entregarllo nun formato especial, un artigo que engrose a nosa revista e que nos quede para nós e para ela formando parte da pequena historia do centro, do concello e de todos/as.





Revista Subvencionada:



Concello Guntín



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística